



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 14 DE DECEMBRO DE 2015

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Eugenio Fernández Lago, representante do concello de Ares.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugarodos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, alcalde de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Por unanimidade das persoas asistentes acórdase aprobar a acta da sesión de 16 de novembro, coa seguinte corrección: na relación de asistentes onde di "Benito Manuel Vega Fernández, representante do concello de Valdoviño", debe dicir "Alberto González Fernández, alcalde."

2. Proposta de aprobación inicial do orzamento da Mancomunidad do exercicio 2016.

Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mancomunidad que literalmente di:

"1. MEMORIA-PROPOSTA DO PRESIDENTE AO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

De conformidade co disposto no artigo 168.2 R.D. Lexislativo, de 5 de marzo, artigo 18, apartados 1 a 2 do RD 500/90, do Regulamento Orzamentario, así como nas normas estatutarias da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, preséntase ao Pleno para a aprobación inicial o proxecto de orzamento para o exercicio 2016.

O orzamento nivelado en gastos e ingresos contempla a contía de 466.378,89 euros. A súa distribución por capítulos é a seguinte:

I.- GASTOS:

GASTOS DE PERSOAL (CAPÍTULO I)

Ascenden no seu conxunto 103.128,19 euros, que representa o 22,11% do total do orzamento.

O capítulo de persoal recolle os gastos do persoal do Concello que presta servizo na Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, os gastos correspondentes ao persoal directivo (Xerente), e os correspondentes ao persoal laboral temporal contratado mediante subvencións da Consellería de



Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

GASTOS DE MANTEMENTO E SERVIZOS (CAPÍTULO II)

Ascenden en total a 363.250,70 euros que representa o 77,89% do orzamento.

INVESTIMENTOS REAIS (CAPÍTULO VI)

As previsións en investimentos reais estímense en 0 euros para o ano 2016.

II.- INGRESOS:

INGRESOS POR TAXAS E SERVIZOS (CAPÍTULO III)

A previsión para o ano 2016 é de 24.130,00 euros, que representan un 5,17% do orzamento, procedente dos prezos públicos recadados polo servizo de recollida e aloxamento de animais domésticos.

TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAPÍTULO IV)

Ascenden á cantidade total de 440.746,87 euros, un 94,50% dos ingresos do orzamento, procedentes das achegas dos concellos que compoñen a mancomunidade e de subvencións pendentes de ingresar.

INGRESOS PATRIMONIAIS (CAPÍTULO V)

As previsións de ingresos derivados das contas bancarias ascenden a 1.502,02 €, que representa o 0,32 % dos ingresos do orzamento.

TRANSFERENCIAS DE CAPITAL (CAPÍTULO VII)

A previsión para o ano 2016 é de 0 euros.

ACTIVOS FINANCIEROS (CAPÍTULO VIII)

A previsión para o ano 2016 é de 0 euros.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Mancomunidade:

PRIMEIRO. - *Aproba-lo proxecto de orzamento da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para o exercicio económico do 2016, co seguinte resumo a nivel de capítulos e clasificación económica.*



**RESUMO A NIVEL DE CAPÍTULOS E CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:
ESTADO DE GASTOS (Euros)**

| a.1) OPERACIÓNS CORRENTES | | |
|---------------------------------------|-------------------|----------------|
| Cap. I - Gastos de persoal | 103.128,19 | 22,11% |
| Cap. II - Compras de bens e servicios | 363.250,70 | 77,89% |
| Cap. VI- Inversións reais | 0,00 | 0,00% |
| TOTAL GASTOS: | 466.378,89 | 100,00% |

ESTADO DE INGRESOS (Euros)

| ESTADO DE INGRESOS | | |
|--------------------------------------|-------------------|----------------|
| Cap. III - Taxas e outros ingresos | 24.130,00 | 5,17% |
| Cap. IV – Transferencias correntes | 440.746,87 | 94,50% |
| Cap. V - Ingresos patrimoniais | 1.502,02 | 0,32% |
| Cap. VII – Transferencias de capital | 0,00 | 0,00% |
| Cap. VIII-Activos Financeiros | 0,00 | 0,00% |
| TOTAL INGRESOS: | 466.378,89 | 100,00% |

SEGUNDO.- *Aproba-las bases de execución do orzamento para o exercicio económico 2016.*

TERCEIRO.- *Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, trala publicación no Boletín Oficial da Provincia, para efectos de exame e reclamacións.*

CUARTO.- *Que no suposto de non presentarse reclamacións considerárase definitivamente aprobado e entrará en vigor unha vez que se cumpra o trámite da súa publicación definitiva, resumido por capítulos e con expresión dos recursos a utilizar.*

QUINTO.- *O orzamento aprobado terá efectos retroactivos ó 1 de xaneiro do ano 2016 e, ó mesmo, imputaranse os créditos do orzamento prorrogado.*

SEXTO.- *As modificacións de créditos aprobadas con anterioridade á entrada en vigor do presuposto do ano 2016 conservarán a súa vixencia.*

SEPTIMO.- *Que se lle remita copia do referido orzamento a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

Ferrol,

O PRESIDENTE,

Asdo.- *Jorge Juan Suárez Fernández*

As persoas asistentes aproban por unanimidade a proposta arriba transcrita.

Así mesmo, por unanimidade das persoas asistentes, acórdase que as retribucións do persoal da Mancomunidad subirán para o exercicio 2016 no 1% para o cal farase a oportuna modificación de créditos no exercicio.

3. Ratificación da solicitude realizada á convocatoria Premios Coopera 2015

Á vista memoria técnica presentada á convocatoria, as persoas asistentes acordan por



unanimidade ratificar a resolución do Presidente transcrita a continuación:

DECRETO

“Examinada a Orde do 30 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Coopera Galicia Entidades Locais 2015,

RESOLVO

Aprobar o proxecto piloto de xestión compartida da casa de acollida, cun orzamento de 154.000,00 €, e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

Deste xeito o manda e asina o Presidente da mancomunidade, a 9 de outubro de 2015, do que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente

O Secretario

”

4. Subvencións da Deputación da Coruña para o ano 2016

O xerente informa dos proxectos que se elaborarán para presentar ás convocatorias de subvencións da Deputación da Coruña, que serán posteriormente ratificados polo Pleno.

5. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.

En relación coa presentación do destino turístico Ferrolterra, o xerente explica que, a pesar de que na anterior reunión da Mancomunidade se acordou fixar o acto entre o 21 e o 23 de decembro, estas datas non son a adecuadas para contar coa participación do sector turístico, polo que finalmente se están considerando os días 14 ou 15 de xaneiro.

Infórmase sobre acceso ás instalacións da asociación Terracán que tivo lugar previa autorización xudicial, no que foi encontrado un só can.

O alcalde de Fene pregunta polo estado do proxecto para crear espazos cardioseguros nos municipios da Mancomunidade, ao que o xerente responde que en breve se realizará unha consulta individual a cada un dos concellos sobre as necesidades a este respecto.

O Presidente informa de que a entidade ASFEDRO vai presentar unha proposta á Mancomunidade. Infórmase igualmente do interese das entidades AFAL e Parkinson Ferrol en colaborar coa Mancomunidade, polo que se acorda recibir a estas entidades na próxima sesión.

6. Rogos e preguntas.

A proposta do Presidente, acórdase que no próximo pleno procederase á elección do Vicepresidente da Mancomunidade segundo o previsto nos estatutos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezaoito horas e corenta e cinco minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García